

COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN, INFRAESTRUTURAS E MEDIO RURAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **17 de outubro de 2018**

ASISTENTES:

PRESIDENTE: D. Rosendo Luís Fernández Fernández	No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o 17 de outubro de 2018 , ás 18.00 horas, baixo a presidencia de D. Rosendo Luís Fernández Fernández (por ausencia de don Pablo Pérez Pérez), e con asistencia dos señores/as á marxe relacionados, reúnese a expresada comisión informativa, co fin de proceder á preparación e estudo dos asuntos que se indican, adoptándose os seguintes acordos:
DEPUTADOS/AS:	
D. Plácido Álvarez Dobaño	
D. José Antonio Feijoo Alonso	
D. Antonio Montero Fernández	
D. Miguel A. Cid Álvarez	
D. ^a M. ^a Teresa Cerdeira Valiñas	
D. Vicente Gómez García	
D. José Ignacio Gómez Pérez	
D. ^a Susana Rodríguez Rodríguez	
D. Armando Ojea Bouzo	
D. Ramiro Rodríguez Suárez	
SECRETARIO:	
D. Juan Marquina Fuentes	
INTERVENTOR ACCTAL:	
D. José Mosquera Casero	

1º.- ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 19 DE SETEMBRO DE 2018.-

En relación coa acta da reunión anterior, correspondente á ordinaria do día 19 de setembro de 2018, non se formulan observacións quedando aprobada por unanimidade.

2º.- APROBACIÓN DO CATÁLOGO DE ESTRADAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.-

O presidente da comisión pregunta se algún membro da comisión desexa intervir en relación con este expediente.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (3), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Aprobar o catálogo de estradas da Deputación Provincial de Ourense, actualizado ao 1 de maio de 2018, conforme co documento técnico elaborado polo servizo de Vías e Obras, que consta no expediente.

O dito documento está a disposición pública na sede electrónica da Deputación Provincial mediante o código seguro de verificación 11777074162165033406.

2º.- Comunicarlle este acordo á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para os efectos previstos no artigo 21.4 do Regulamento da Lei de estradas de Galicia.

3º.- Ordenar a publicación do presente acordo no BOP e no Portal de Transparencia da Deputación Provincial.

3º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA A EQUIPARACIÓN DO NÚMERO DE EFECTIVOS QUE INTEGRAN OS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS DA PROVINCIA DE OURENSE.-

D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular, expón brevemente o contido da moción, que trata de dar resposta á problemática que formulan os GES cuxa dotación é inferior aos 12 membros, xa que se advertiu que son insuficientes para prestar o servizo. Ofrécelles ao resto dos grupos a posibilidade de consensuar o contido desta moción.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (3), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Solicitar a homologación do número de integrantes dos GES na provincia de Ourense, para que todos conten con 12 persoas.

2º.- Darlles traslado deste acordo á Xunta de Galicia e á FEGAMP.

4º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DAS VÍAS DE TITULARIDADE PROVINCIAL.-

D.^a Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista, dá lectura ás propostas de acordo.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (3) e a abstención do Grupo Popular (6), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Que a Deputación Provincial de Ourense reforce o seu servizo de vías e obras cubrindo as prazas de persoal que estean vacantes, convocando as de nova creación que sexan necesarias para un óptimo funcionamento do servizo.

2º.- Que a Deputación Provincial de Ourense incremente os fondos públicos dos seus orzamentos dedicados á conservación e mantemento das estradas da súa titularidade, ata alcanzar os seis millóns de euros anuais como mínimo.

5º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA A EXECUCIÓN DUN ECOPARQUE NO ENCORO DE CACHAMUÍÑA.-

D.^a Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista, dá lectura ás propostas de acordo.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (3) e a abstención do Grupo Popular (6), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Que a Deputación de Ourense redacta o/os proxecto/s de acondicionamento e mellora do parque forestal.fluvial de Cachamuíña, incluíndo un auditorio ao aire libre, unha senda no curso do río Loña e as restantes actuacións detalladas na moción.

2º.- Que a Deputación de Ourense realice as xestións e/ou convenios necesarios con outras administracións ou organismos públicos competentes ou afectados para a execución dos proxectos.

3º.- Que a Deputación de Ourense financie os proxectos con recursos propios e con fondos procedentes de convenios e/ou subvencións doutras administracións.

6º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Trala declaración previa da súa urxencia, por unanimidade, tratáronse os seguintes asuntos:

**6º.A.- EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA A EXECUCIÓN DA OU-0602
LEBOREIRO-ENCORO DE CHANDREXA, PQ 14+600 AO 14+800, N.º
100/POS/2018 NO MUNICIPIO DE CHANDREXA DE QUEIXA.-**

O Sr. secretario expón o contido da proposta da Presidencia.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (3), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte da Xunta de Goberno, do seguinte acordo:

1º.- Ter por declarada a utilidade pública das obras mencionadas, de conformidade co disposto no artigo 22.5 da *Lei 8/2013, dO 28 de xuño, de estradas de Galicia*.

2º.- Acordar definitivamente a necesidade de ocupación, con carácter urxente, dos terreos incluídos na relación de bens e dereitos afectados pola expropiación, de conformidade co previsto no citado artigo da *Lei de estradas de Galicia*.

Finca	Polig.	Parc.	Refer. Catastral	Propietario	Calificación	Dominio
14	45	65	32030A04500065	- JUAN ANTONIO LOPEZ VAZQUEZ	PASTOS	216,26
15	45	351	32030A04500351	- TERESA MOJON MENDEZ	PASTOS	143,82
16	45	59	32030A04500059	- SALESA RODRIGUEZ GOMEZ	MONTE BAIXO	24,93
17	45	60	32030A04500060	- HROS ELVIRA PEREZ LAMELAS	MONTE BAIXO	64,08
18	45	61	32030A04500061	- TERESA MOJON MENDEZ	MONTE BAIXO	64,34
19	45	62	32030A04500062	- CAMILO RODRIGUEZ FERNANDEZ	MONTE BAIXO	90,21
20	45	63	32030A04500063	- JUAN ANTONIO LOPEZ VAZQUEZ	MONTE BAIXO	193,78
21	45	57	32030A04500057	- JUAN ANTONIO LOPEZ VAZQUEZ	MONTE BAIXO	5,88
22	45	49	32030A04500049	- NESTOR ARMESTO RODRIGUEZ - FELIPE ARMESTO RODRIGUEZ - MODESTA ARMESTO RODRIGUEZ - NIEVES ARMESTO RODRIGUEZ	MONTE BAIXO	82,78
23	45	353	32030A04500353	- HROS ELVIRA PEREZ LAMELAS	PASTOS	27,66
24	45	354	32030A04500354	- TERESA MOJON MENDEZ	PASTOS	57,40
25	45	355	32030A04500355	- CAMILO RODRIGUEZ FERNANDEZ	PASTOS	52,02
26	45	356	32030A04500356	- JUAN ANTONIO LOPEZ VAZQUEZ	MONTE BAIXO	24,20
27	45	35	32030A04500035	- JOSE RODRIGUEZ ESTEVEZ - NIEVES RODRIGUEZ ESTEVEZ	MONTE BAIXO	9,78
28	45	352	32030A04500352	- NESTOR ARMESTO RODRIGUEZ - FELIPE ARMESTO RODRIGUEZ - MODESTA ARMESTO RODRIGUEZ - NIEVES ARMESTO RODRIGUEZ	MONTE BAIXO	3,24

3º.- Publicar e notificarlles este acordo aos interesados, de conformidade coa lexislación vixente.

6º.B.- ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIA FORMULADA POLO CONCELLO DE LEIRO PRAA A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE EXPROPIATORIO PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE ACONDICIONAMENTO DA RÚA CASANOVA, NO MUNICIPIO DE LEIRO.-

O Sr. secretario expón o contido da proposta da Presidencia.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (6) e a abstención do Grupo Socialista (3), de Democracia Ourensana (1) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

- Aceptar a delegación de competencia formulada polo concello de Leiro para a tramitación do expediente expropiatorio para a execución da obra “acondicionamento da rúa Casanova”.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás 18.10 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta, que asinan o presidente e o secretario. Certifico.